



Atendendo á Instrucción 3/2012 da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, do 22 de Xuño, sobre a xestión do servizo de transporte escolar para o alumnado dos centros públicos no curso escolar 2012-2103, pola que se establecen as liñas xerais de funcionamento do devandito servizo educativo, informamos sobre a autorización excepcional do uso do servizo aos seguintes colectivos:

1.) O alumnado de ensino obrigatorio e segundo ciclo de Educación Infantil cuxo domicilio estea situado a unha distancia de centro escolar inferior a 2Km e superior a 1Km en zona urbana e 500 m en zona non urbanizada.

2.) O alumnado escolarizado en centros que non lles correspondan por área de influencia.

3.) O alumnado que, por causa de proximidade xeográfica, solicite a utilización de liñas de transporte correspondentes a centros distintos a aqueles nos que estea matriculado.

4.) O alumnado de bacharelato e ciclos formativos de FP.

5.) Acceso ao servizo por viaxeiros adultos do Programa TES+BUS

Se ben este alumnado non ten a condición de usuario lexítimo do transporte escolar (alumnado con domicilio familiar fóra do núcleo urbano no que radica o centro escolar e a unha distancia deste superior a 2Km), poderá solicitar unha autorización excepcional para o uso deste servizo tendo en conta os seguintes requisitos:

- Que existan prazas vacantes
- Que non implique a creación de novas paradas.
- Que non supoña un incremento de duración do traxecto.
- Que non precise a incorporación de acompañante.

**-As ditas autorizacións concederanse en precario e serán revogables se cambian as circunstancias ou é preciso asignar as prazas a alumnado con dereito preferente.**

**-Non comportará en ningún caso dereito de acceso ao comedor escolar nin á súa gratuidade total ou parcial.**

**-A vixencia das autorizacións comprenderá o curso 2012-2013 e non outorga aos seus beneficiarios dereito ningún no futuro.**

**-No caso de que o número de solicitudes de autorización excepcional para o uso de transporte escolar sexa superior ao número de prazas vacantes nos vehículos terá prioridade:**

1º O alumnado de ensino obrigatorio e 2º Ciclo de Educación Infantil (con prioridade, a súa vez, dos menores en idade sobre os maiores cando sexa preciso)

2º O alumnado escolarizado en centro distinto do que lle corresponde por área de influencia.

3º O alumnado que solicite, por causa de proximidade xeográfica, a utilización do transporte dun centro distinto ao que está matriculado.

4º O alumnado de bacharelato e similares.

5º Finalmente, as persoas usuarias do programa TES-BUS.